

**CARPETA DE AULA DE 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
(Adaptación ao centro de Materiais da UVIC)**

CEIP PLURILINGÜE de LEIRADO

ANÁLISE DA COHESIÓN DO GRUPO-CLASE e DINÁMICAS

(Decisións con relación ao Ámbito A: DIMENSIÓNS SOBRE AS QUE IMOS INTERVIR)

		Ocorre		Dinámica proposta	Cando?/Onde?/Quen?	Valoración
		SI	NON			
1	O nivel de participación do alumnado é moi diferente? <i>Mentres uns son moi extrovertid@s e participan moito e incluso tenden a monopolizar as intervencións e a impoñer os seus puntos de vista, outros son máis introvertid@s e cústalles moito participar, e os demais apenas teñen en conta o seu punto de vista?....</i> <i>Dimensión: Participación e consenso.</i>	X		A pelota.	1º trimestre.	
2	Hai sempre unha boa relación entre o alumnado? <i>Coñécense pouco entre eles?, Algúns séntense marxina@s, excluíd@s, non suficientemente valorad@s...?, Hai tensións entre os alumn@s do grupo?....</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado.</i>	X		Comisión de apoios.	1º trimestre. 2º trimestre. 3º trimestre.	
3	O alumnado corrente e o alumnado con algunha discapacidade relaciónanse pouco? <i>Os primeir@s deixan de lado ós segund@s e algúns incluso se burlan deles?...</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado corrente e o integrado.</i>		X			
4	Entre o alumnado predominan actitudes individualistas (cada un vai ó seu) e/ou competitivas (rivalizan entre eles para ser o mellor da clase)? <i>A algúns agrádalles traballar en equipo só para aproveitarse d@s demais?, Outros rexéitanos porque non queren que ninguén se aproveite do seu traballo?, Algúns prefiren traballar sos antes que facelo en equipo?...</i> <i>Dimensión: Importancia e eficacia do traballo en equipo</i>	X		A terra azul	1º trimestre.	
5	En xeral, o alumnado non valora o traballo en equipo? <i>Non dan importancia a valores como a solidariedade, a axuda mutua, o respecto polas diferenzas?, É difícil que se sintan responsables da aprendizaxe dos compañeir@s?, Custa conseguir que se axuden uns a outros a aprender os contidos das distintas áreas?...</i> <i>Dimensión: Desenvolvemento da solidariedade e da convivencia.</i>		X			
Valoración: A comisión de apoios debería manterse ó longo de todo o curso e tamén nos vindeiros. Para o futuro preparar outras dinámicas da importancia do traballo en equipo para aplicarse cada vez que aparezan codutas individualistas e/ou competitivas.						

ESTRUTURAS A EMPREGADAS EN ACTIVIDADES REGULARES E TAREFAS INTEGRADAS/ PEQUENOS PROXECTOS

(Decisións con relación ao Ámbito B)

Actividades regulares (lectura, problemas, resumos...)	<i>Estrutura/s a aplicar</i>	<i>Avaliación</i>
Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	Folio xiratorio	
Introducir un tema e asegurar a comprensión dun texto.	Lectura compartida.	
Resolución de problemas, exercicios...	Lápis ao centro.	
Plantexar dúbidas sobre o tema que se está a traballar.	Parada de tres minutos.	
Repasar, resumir e/ou esquematizar un tema xa dado.	Xogo de palabras.	

Nota: Éñchese unha táboa para cada UD singular que se imparta

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: 1º TRIMESTRE: A MALETA DE PACHO. DESCUBRINDO ÁFRICA OCCIDENTAL.		Inicio ¹ :1 de outubro 2021	Final: 21 de decembro 2021
Área/as ² :	Lingua castelá, lingua galega, CCSS, CCDN, matemáticas e plástica			
Profesor/a/ores/as:	Fátima Carballal Mariño e Yolanda López Paz.			
Técnica ³ :	Estrutura/s		Finalidade	
	Folio xiratorio.		Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	
	Lápis ao centro.		Resolución de problemas, exercicios...	
	Lectura compartida.		Introducir un tema e asegurar a comprensión dun texto.	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto		Debemos manter as tres estruturas de cara ás seguintes tarefas integradas/pequenos proxectos e ir introducindo gradualmente outras estruturas que complementen/combinen coa anteriores. O grupo-clase rematou o trimestre expresando a súa satisfacción/motivación co traballo por equipos de cooperativo.		

¹ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

² Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

³ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

Nota: Éñchese unha táboa para cada UD singular que se imparta

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: 2º TRIMESTRE: A VOLTA AO MUNDO EN 160 DÍAS: PRATOS DO MUNDO NA ÁFRICA OCCIDENTAL.		Inicio ⁴ : 10 xaneiro 2022	Final: 8 abril 2022.
Área/as ⁵ :	Matemáticas, CCDN, CCSS, lingua castelá, lingua galega, plástica.			
Profesor/a/ores/as:	Fátima Carballal Mariño e Yolanda López Paz.			
Técnica ⁶ :	<i>Estrutura/s</i>		<i>Finalidade</i>	
	Folio xiratorio.		Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	
	Lápis ao centro.		Resolución de problemas, exercicios...	
	Lectura compartida.		Introducir un tema e asegurar a comprensión dun texto.	
	Parada de tres minutos		Plantexar dúbidas sobre o tema que estase a traballar.	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto		Pensamos que debemos sistematizar todas as estruturas que utilizamos ata agora e intentar introducir algunha máis de cara a vindeiras tarefas/proxectos.		

⁴ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

⁵ Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

⁶ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

Nota: Énchese unha táboa para cada UD singular que se imparta

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: 3º TRIMESTRE: SOMOS GRIOTS: A IMPORTANCIA DA TRADICIÓN ORAL NA ÁFRICA OCCIDENTAL.	Inicio ⁷ : 19 abril 2022	Final: 22 xuño 2022
Área/as ⁸ :	Matemáticas, CCDN, CCSS, lingua castelá, lingua galega, plástica.		
Profesor/a/ores/as:	Fátima Carballal Mariño e Yolanda López Paz.		
Técnica ⁹ :	<i>Estrutura/s</i>	<i>Finalidade</i>	
	Folio xiratorio.	Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	
	Lápis ao centro.	Resolución de problemas, exercicios...	
	Lectura compartida.	Introducir un tema e asegurar a comprensión dun texto.	
	Parada de tres minutos	Plantexar dúbidas sobre o tema que estase a traballar.	
	O xogo das palabras	Repasar, resumir e/ou esquematizar un tema xa dado.	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto	Manter e sistematizar as estruturas traballadas este curso. De cara ao vindeiro curso continuar aplicando as estruturas coñecidas e introducir algunha máis. O alumnado segue a presentarse moi motivado con esta forma de traballar en equipos de cooperativo.		

⁷ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

⁸ Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

⁹ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

PLANS DE EQUIPO

(Decisións en relación ao Ámbito C)

1. Formamos os equipos: Que cargos e funcións en cada equipo?

Para formalos tivemos en conta equilibrar a diversidade do grupo aula. Concretamos que cargos e funcións terá cada compoñente en cada equipo. Tamén acotamos un espazo da aula para adicalo a traballo cooperativo.

2. Iniciamos os Plans de Equipo:

- a. Modelo de Plan do Equipo e de Caderno do Equipo que utilizaremos: Plan de equipo de centro
- b. Plan de Equipo: duración, compromisos, obxectivos...: Trimestral con rotación de cargos.
- c. Como distribuímos os Diarios de Sesións?: Dous por Plan de Equipo.
- d. Avaliación do Plan de Equipo: Despois dos dous diarios de sesión.

Utilizamos o modelo proposto nas sesións de formación. Explicitamos os obxectivos xerais. Cada equipo elixiu de xeito consensuado un nome corporativo e un logotipo. Os compoñentes de cada equipo e seu cargo tamén quedan recollidos, xunto cos compromisos persoais aos que se comprometen para acadar os obxectivos. Os devanditos compromisos quedaron á vista para repasalos cada vez que faga falla (analizaranse tamén na fase de avaliación). Todos os compoñentes de cada equipo se comprometen a axudar aos demais a acadar os seus compromisos. Asímesmo, establecemos a duración do plan de equipo.

Fixemos dous **diarios de sesión** trimestrais. Neles analizamos e avaliamos en equipo o escrito nos diarios de sesión en relación aos obxectivos do plan de equipo.

3. Como foi o funcionamento dos equipos?

Cargo:	Funcións:
Coordinador/a	Explica e lembra normas, funcionamento e obxectivos.
Secretario/a	Coida do plan, redacta e asina en nome do equipo.
Voceiro/a	Fala en nome do equipo
Encargado/a material	Coida e reparte materiais e fai recados

1º TRIMESTRE: Equipos: Nalgúns dos equipos houbo bastantes conflitos á hora de respectar as diferentes opinións e dificultades para consensuar. Este problema foi remitindo a medida que se traballaban as diferentes dinámicas e estruturas.

2º TRIMESTRE: Equipos: Os equipos traballaron moito mellor que no primeiro trimestre porque tiñan máis integradas as estruturas. A instauración dos plans de equipo desenvolveuse moi satisfactoriamente. A grande maioría dos compoñentes de cada equipo desempeñaron seus cargos sen problema. Si houbo algunha dificultade para acadar os compromisos.

3º TRIMESTRE: Equipos: Os equipos tiñan sistematizadas as estruturas e máis presentes os cargos e compromisos de cada un/ha.

Valoración: Que aspectos do Plan do Equipo, como e cando, debemos... manter e/ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/pequeno proxecto.

En xeral o funcionamento do conxunto dos equipos foi bo, inda que nalgúns presentáronse dificultades á hora de tomar decisións de xeito consensuado (neste senso axudou moito ter á vista/man os cargos e compromisos) e tamén para entender que cooperar non é distribuír o traballo individualmente e facer cada un/ha a súa parte para logo xuntalas todas. Porén, tanto na posta en práctica das dinámicas e estruturas como na fase de avaliación, a medida que avanzabamos no proceso de posta en práctica do plan, estas dificultades foron mitigándose significativamente. Cando xurdiron conflitos, aproveitamos para facer un diario de sesión e reflexionar sobre o ocorrido. Se unha sesión foi especialmente ben, tamén a reflexión reforzou as actitudes positivas.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito A:

Introducir de cara ao vindeiro curso escolar novas dinámicas que faciliten a inclusión dxs posibles compañeirxs novxs e tamén os que presentan máis dificultades, profundizando no coñecemento mutuo. Seguir insistindo nas dinámicas que amosen a importancia e efectividade do traballo en equipo.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito B:

De cara ao vindeiro curso escolar manter as estruturas traballadas e introducir algunha nova.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito C:

Realizar un plan de equipo trimestral. Insistir na importancia que supón para o equipo respectar os cargos e acadar os compromisos.

DESCRIBIMOS UNHA DINÁMICA: “A PELOTA”.

PROFESORAS: Fátima Carballal Mariño e Yolanda López Paz.

Obxectivos prioritarios Equiparar o nivel de participación de todo o alumnado. descubrir as afinidades entre os membros do grupo.	Material Unha pelota branda. Organización do tempo 5 mins para a explicación do xogo. 10 mins para o desenvolvemento do xogo. 10 mins para balance conxunto da actividade (alumnado-profesoras).
Descrición da Dinámica Indicaranse: ● Tarefas máis importantes a realizar polas profesoras foron a introdución e explicación da dinámica, a dinamización durante a súa execución (tamén coidar que non quedara ninguén sen participar) e a mediación, orientación e acompañamento na fase de avaliación. Os alumnos debían participar respectando as consignas dadas, e estar atentos cando lle tocaba ós seus compañeirxs. ● Consigna: A mestra explica ó grupo que van facer un xogo para que se coñezan un pouco máis entre eles/as e para que ela os poida coñecer a todxs. O xogo consiste en ir pasando a pelota a quen queiramos, e cando nos toque, presentarnos explicando como somos (calada, faladeiro, alegre, tímida, etc), algo que nos guste moito e outra cousa que odiamos. Deberemos estar atenxs ó que diga cada unha das persoas do grupo. As mestras tamén participan no xogo. ● Intervención de regulación da actividade: Explicar antes de empezar a tirar a pelota a importancia de respectar o momento que vai ter cada un/ha para falar e abrirse ó resto do grupo. Explicar o que é o respecto e a empatía e exemplificalos na actividade. Parar un momento o xogo para volver lembrarllo no momento que alguén interrompa ou non preste atención.	
Avaliación da Dinámica Preguntóuselle ó grupo se antes de facer o xogo xa sabían todo o que contou cada un/ha dos/das participantes. Posta en común da utilidade que eles/as pensaban que tivera a dinámica: para que nos serviu este xogo? Balance xeral da actividade: a totalidade do grupo valorou positivamente a actividade, porque descubriron aficións que compartían e coñecéronse un pouco máis entre eles. Decatáronse de que ás veces non coincidía a súa descrición co que pensaba del/a o resto do grupo.	
Ampliación e xeneralización Máis adiante poderase utilizar a dinámica para afianzar o bo ambiente no grupo. Nese caso, deberán argumentar que lle pasan a pelota a un compañeiro/a por algunha	

cualidade que considera que ten esa persoa: -“Pásolle a pelota a Roi porque sempre é moi amable comigo”.


DESCRIBIMOS UNHA ESTRUTURA: FOLIO XIRATORIO.

Contidos prioritarios Indicar para traballar que contidos se empregou.	Proxecto /Unidade Didáctica Indicar en que proxecto ou unidade didáctica se empregou. Área/s Organización do tempo Dar algunhas informacións sobre o tempo que se precisa para o desenvolvemento da actividade e algúns criterios sobre como distribuílo.
Descrición da Estrutura Indicaranse: ● As Tarefas máis importantes a realizar polo profesor ou profesora, polo alumnado individualmente, en parellas ou en equipo e a orde en que se realizan. ● Consigna: Dar instrucións moi concretas de como o profesor ou profesora debe presentar a actividade e precisar os detalles de como debe intervir cada alumno e cada alumna e como deben interactuar. ● Intervención de regulación da actividade: Proporcionar orientacións sobre como superar algunhas dificultades que, segundo a nosa experiencia, acostuman a producirse durante o desenvolvemento da actividade ● Avaliación da aprendizaxe do alumnado: Indicar algún indicadores das aprendizaxes que se poden avaliar na actividade para facilitar a observación, recollida e sistematización da información.	
Avaliación da Estrutura: Dar algunhas orientacións sobre que aspectos se valoraron co alumnado de como funcionou a actividade e de como plantexarllos ós alumnos e ás alumnas.	
Ampliación e xeneralización Presentar propostas sobre como aplicar a estrutura a máis/outras actividades, materiais de diferente tipo ou como realizala de novo con outros contidos similares ou como adaptala...	

EXEMPLOS GRÁFICOS:








NOME: *Nadia*

DATA: *23/5/22*

EQUIPO: *SUUU*



CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21

REVISIÓN DO PLAN

DATA: 23/5/22

	MOITO	BASTANTE	POUCO	NADA
CUMPRIMOS OS CARGOS		✓		
AXUDÁMONOS		✓		
ESCOITÁMONOS			✓	
CHEGAMOS A ACORDOS			✓	
TODOS E TODAS PARTICIPAMOS AVANZAMOS	✓	✓		
FALÁMONOS CON RESPECTO			✓	

COMPROMISOS PERSOAIS (AQUÍ ESCRIBE CADAQUÉN O SEU)

NOME	QUE FIXEN BEN?	QUE TEÑO QUE MELLORAR?
Nadia	Axudar aos meus compañeiros Colaborar Compartir...	Escritar aos meus compañeiros
Eric	Deixar un pouco o ordenador	Atender mais
María	Participar mais nos traballos	Atender mais
Grén	Cumprir os cargos	Falar menos Alterarse menos

ASINADO: O SECRETARIO/A


CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21

NOME *Brais*

DATA: *27/5/22*

EQUIPO: *Os Megarocks*



CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21

REVISIÓN DO PLAN

DATA:

	MOITO	BASTANTE	POUCO	NADA
CUMPRIMOS OS CARGOS			+	
AXUDÁMONOS		+		
ESCOITÁMONOS	+			
CHEGAMOS A ACORDOS			X	
TODOS E TODAS PARTICIPAMOS			X	
AVANZAMOS		+		
FALAMOS CON RESPECTO				+

COMPROMISOS PERSOAIS (AQUÍ ESCRIBE CADAQUÉN O SEU)


NOME	QUE FIXEN BEN?	QUE TEÑO QUE MELLORAR?
Prais	Aportar ideas	Non enaxerme tanto
Antía	Escitar a miúdo a participar	Non criticar
HUGO I.	Mellorar o traballo en equipo	falar ben
Noa	Non faltar o respecto	Deixar participar a os demais

ASINADO: O SECRETARIO/A

CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21

NOME: *Lúlia*
DATA: *23/5/22*
EQUIPO: *megatracks*



CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21

REVISIÓN DO PLAN

DATA:

	MOITO	BASTANTE	POUCO	NADA
CUMPRIMOS OS CARGOS			X	
AXUDÁMONOS		X	X	
ESCOITÁMONOS	X			
CHEGAMOS A ACORDOS			X	
TODOS E TODAS PARTICIPAMOS			X	
AVANZAMOS		X		
FALÁMONOS CON RESPECTO				X
NON				


COMPROMISOS PERSOAIS (AQUÍ ESCRIBE CADAQUÉN O SEU)

NOME	QUE FIXEN BEN?	QUE TENO QUE MELLORAR?
Antía	Escoitar a mi equipo e participación	No criticar
HUGO	Mellorar o traballo en equipo	traballar ben
Noa	Non faltar o respecto	Deixar participar a os demais
Pablo	Apetos feitos	Non enroscarme

ASINADO: O SECRETARIO/A

CEIP DE LEIRADO (SALVATERRA DE MIÑO)

CURSO 2020-21




DIARIO DE SESIÓN

DATA	QUE FIXEMOS HOXE?
	Lectura compartida.

QUE FIXEMOS BEN?	
	Facer o orden e a explicación para toda a clase.

QUE TEMOS QUE MELLORAR?	
	Facer menos o tanto cando estamos repasando o conto.

QUE IMOS FACER PARA MELLORAR?	
	Organizarnos máis. Para non discutir e traballar todos igual.

ASINADO O SECRETARIO/A


PLAN DE EQUIPO

OBXECTIVOS: PROGRESAR NAS APRENDIZAXES

AXUDARNOS PARA CONSEGUILO TODOS/AS



NOME DO EQUIPO

Los MININOS futboleros



LOGOTIPO



TAREFA OU TEMA

Arte, cultura Africana

DATAS

COMPONENTES E CARGOS

COORDINADOR/A 	Hugo	EXPLICA E LEMBRA NORMAS, FUNCIONAMENTO E OBXECTIVOS.
SECRETARIO/A 	Olalla	COIDA DO PLAN, REDACTA E ASINA EN NOME DO EQUIPO.
ENCARGADO/A 	André	COIDA E REPARTE MATERIAIS, FAI RECADOS.
VOCEIRO/A 	Yago	FALA EN NOME DO EQUIPO

COMPONENTES E COMPROMISOS PERSOAIS (QUE IMOS FACER PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS)

Yago	Facer as tarefas en 20 esforzandome
Olalla	Non facer a maioría dos traballos eu soa.
André	Escoitar mais para facer os traballos ben
Hugo - G	Facer mais cousas co equipo

